



© Murat Türemis

EDITORIAL GALAXIA NOVIDADES



ORHAN PAMUK

Neve

Tradución de Bartug Aykan e
María Alonso Seisdedos
Colección LITERARIA

EDITORIAL GALAXIA 2009, 608 páxinas

P. V. P. 24 € IVE incluído

978-84-9865-233-8



A CIDADE NEVADA

Editorial Galaxia continúa coa publicación en galego da obra de Orhan Pamuk, Premio Nobel de Literatura en 2006. **Neve**, unha das novelas coas o escritor turco acadou sona internacional, édítase na Biblioteca Compostela, colección publicada coa colaboración da Concellaría de Cultura do Concello de Santiago e que xa ten entre os seus títulos *O castelo branco*, a primeira novela do escritor turco, *Istambul*, o libro de lembranzas sobre a súa cidade natal, e *O Museo da Inocencia*, a súa última novela.

A historia que Pamuk conta en *Neve* céntrase na viaxe dun poeta exiliado á melancólica cidade de Kars, que acaba de sufrir unha **vaga de suicidios** de mozas por se lles prohibir o uso do veo. O obxectivo do poeta e protagonista da novela é escribir sobre esta cadea de feitos tráxicos. Pamuk aproveita a atmosfera da cidade, envolveita nunha nevarada constante, para elaborar unha metáfora da melancolía.

Publicada orixinariramente en turco no ano 2002, *Neve* está considerada unha das obras mestras de Orhan Pamuk pola súa concepción narrativa, na que a intriga se combina axeitadamente coa poesía. A novela introduce a lectores e lectoras nun **universo ficional** no que a farsa, a crueldade e a violencia se personifican na cidade de Kars e na atracción que o poeta protagonista sente por unha muller, a fermosa Ipek, e pola figura dun terrorista carismático.

ORHAN PAMUK (Istambul, 1952) é un dos máis destacados autores da literatura actual en lingua turca. A súa obra foi traducida a máis de 30 idiomas, e publicada nun centenar de países. Ten recibido numerosos galardóns internacionais, entre eles o premio France-Culture, en 1995; o premio ao mellor libro estranxeiro do New York Times, en 2004 e o premio da Paz dos libeiros alemáns en 2005. O 12 de outubro de 2006, a Academia Sueca lle concedeu o Premio Nobel de Literatura. Publicou a súa primeira novela en 1982, mais a súa obra comezou a ter repercusión internacional con *O castelo branco*, publicada en galego por Galaxia, e alcanzou a súa consagración definitiva con *My name is Red* (*Benim Adim Kirmizi*, 1998) *Neve* (2002) e *Istambul* (Galaxia, 2008). En 2009, publicouse a tradución galega da súa última novela, *O Museo da Inocencia* (Galaxia).

EDITORIAL GALAXIA, S. A.

Departamento de Comunicación

Avenida de Madrid 44, baixo. 36204 Vigo. Telf.: 986 432 100 / Fax: 986 223 205 galaxia@editorialgalaxia.com